

E eu non conseguía esquecer aquela dolor que me apertaba o peito.

Sentín certo alivio cando o vin marchar fumeando no seu asento sen mirar atrás polo retrovisor. Acababa de dicirlle que non lle daría propina, contradicindo o meu costume, porque non daba propina se o servizo era malo. Lanzou unha ollada chea de desprezo ao espello retrovisor e recolleu os cartos sen dicir unha palabra máis. Se o chego a saber, empezaría por aí. O taxista falara moito e falara de máis, pero non preguntara o máis importante, non preguntara por que ía ao hospital ás cinco da mañá. Non quería meterse en lérias serias. Falaba por falar, para non escoitar o silencio, ou quizais para non escoitar a música que poñía.

O aire estaba húmido. Xa non chovía sobre o asfalto cheo de charcos. Desde aló arriba víase o porto. Un par de pesqueiros volvían do mar dirixíndose lentamente cara aos peiraos. Na lonxa habería moita actividade. Os peixes mortos, cubertos de xeo, aliñados como enfermos nos seus cuartos, esperarían para saír ao mundo, esperarían para ocupar os nosos pensamentos un instante e os nosos estómagos unhas poucas horas, antes de integrarse de novo no indeterminado, antes de deixar de ser eles mesmos, aínda que mortos, para volver a formar parte do planeta e seguir xirando e seguir avanzando cara a quen sabe onde.

Camiñei con decisión xunto a dúas ambulancias que esperaban o momento de actuar con todas as súas portas abertas. Os condutores falaban entre eles. Tres enfermeiras fumaban diante da entrada. Un home mordía as unllas temendo que o seu pai non saíra vivo daquela noite fría.

En canto crucei a porta de urxencias sentínme enfermo. O aire dos hospitais sempre me fai mal. Non sei se

será a calor, a sequidade ou simplemente o medo. Fun ata o mostrador.

–Teño unha dolor no peito.

–Cómo se chama? –a muller levaba o pelo mal cortado e peor peiteado. Todo o fiaba ao uniforme. As roupas de traballo outorgábanlle solvencia profesional, convertendo o seu desaliñado aspecto nunha ínfima parte da maquinaria especializada e solvente da que formaba parte. Por iso se conformaba con actuar como unha máquina. Eu xa estaba afeito. Non era a primeira vez que ía a urxencias a horas estrafalarias. Contestei todas as súas preguntas antes de que volvease ao principio. Despois das cuestións burocráticas fixo a pregunta que eu contestara como presentación.

–Que é o que lle pasa?

–O mesmo que hai cinco minutos, teño unha dolor no peito. –non lle gustou a miña resposta. Á burocracia non lle gusta o sentido do humor, e moito menos cando son as cinco da mañá e o ambiente está máis que quente.

–Pase á sala de espera. –dixo, e miroume por vez primeira. No seu rostro puideron adiviñar un xesto de ironía que loitaba por abrise camiño entre o tremendo cansazo que a dominaba. Daquela escoitei as voces altisonantes que chegaban da sala de espera.

–Ela só está pedindo que lle dean a súa medicación. – berraba un home de idade indeterminada. Era novo, pero a mala vida estragara xa moito naquel corpo gordo e desamañado. Vestía unha camiseta branca, chea de cotra no peito, como se a porcallada inscrita sobre o fondo de algodón branco fose un logotipo, a súa favorita imaxe de marca. Falaba apartando do rostro as greñas cheas de graxa nun movemento nervioso. Dirixía as súas palabras a un garda

xurado que o miraba farto de escoitar. Pareceume que estaba desexando que o gordo lle dese unha boa razón para acabar aquela teima a golpes.

Pasei xunto a eles. O garda calaba, mirando o gordo cun sorriso ameazador. Fun sentar un pouco máis alá.

Para ser tan tarde había bastante xente na sala. As cadeiras eran rectas e duras como pedras do camiño ao inferno. Non había Deus que aguantara sentado dous minutos sen cambiar de postura maldicindo e acordándose da nai do deseñador daquelas merdas de madeira laminada. Supoño que as encargan así para que a xente non se durma, para que estea atenta cando a chaman, para que non se deixe morrer alí mesmo, comodamente sentado ás portas do quirófano que o tería que salvar do inevitable.

Quedaban varios lugares baleiros xunto a unha señora moi vella acompañada de dous familiares que intentaban protexela da liorta facendo unha muralla cas súas costas viradas. Entre eles e o gordo había outra persoa de pelo longo, coa cabeza baixa e o pelo cubríndolle a cara. Cando pasei xunto a ela non se moveu. Parecía durmir, ou polo menos parecía relaxada, pero non o estaba. Tan pronto sentei, deixando só un asento libre entre os dous, aquela vasoira melenuda levantou a cabeza. Estaba fraca como unha meiga e tamén tiña os dous ollos do mesmo lado da cara, do lado da desesperación. O seu rostro non miraba a realidade, enfrontaba unha miraxe. A humidade da espuma que rodeaba os seus labios botábase de menos nos ollos secos e colorados, abertos como sumidoiros dos que escapan as ratas. Tamén era nova, demasiado nova para estar naquel estado.

Estou seguro do que sentía.

Eu teño esa mesma sensación ás veces. Hai momentos

en que a vida me parece excesivamente pulida, como de aceiro inoxidable. Son curtos instantes de eternidade, de certeza na fatalidade do destino, nos que a miña consciencia patina sobre unha realidade que ten máis de miraxe que de espazo físico onde as cousas poden agarrarse, aínda que sexa polos cornos. Neses instantes querería botarme a correr ata caer rendido, querería saltar dunha ponte altísima, pero o único que fago e agarrar a cabeza e intentar pensar noutra cousa.

A rapaza nin sequera pensaba. Limitábase a deixar escapar os seus lamentos desordenados, facendo un discurso incoherente, cheo de patetismo.

–Vasme dar o Ritrovit, puta de merda? –a pregunta ía dirixida a unha enfermeira que intentaba escapar do asunto sen conseguilo. Cruzou unha ollada de fastío co garda.

–Señorita, faga o favor de non insultar. –dixo o vixiante.

–Pois dádelle a medicación. –apuntalou o gordo.

–Só quero o meu Ritrovit! Non estou pedindo nada ilegal. Deumo o médico. A compañeira de cuarto tamén o toma. Nos non tivemos culpa do accidente, foi o outro coche. Estou enferma, teño que tomalo. Que queres, que vaia asaltar unha farmacia, iso é o buscas, que saque un coitelo e colla o meu pola forza, puta noxenta? –o seu peito exangüe subía e baixaba ao ritmo das ameazas. A enfermeira, que fumaba demasiado, que tiña corenta e oito anos, que pesaba dous quilos menos que cando tiña vinte, que vivía coas súas tres fillas case que criadas e co seu marido que non lle facía moito caso, estaba facendo a segunda garda seguida para axudar a unha compañeira e cansouse da canción que levaba escoitando demasiado tempo. Foi cara a ela.

–Como te chamas, nena?

–Jennifer.

–Eu chámome Ana, dígocho por se tes que volver a dirixirte a min. –a enfermeira parecía moi segura do que dicía, por un instante crin que tiña a situación controlada, pero o certo era que estaba deixándose levar polos nervios dunha longa noite.

–Onde está a receita, Jennifer? –dixo mastigando as palabras.

–Xa vos dixen que a perdín!

–Daquela non hai receita e sen receita non hai calmantes.

A resposta da rapaza non foi moi sutil, pero foi clara. Non tiña receita, pero a labazada que lle deu á enfermeira deixaba claro que precisaba algún calmante. Despois da primeira puñada que deixou a Ana muda e petrificada, intentou arrincarlle os ollos cas súas unllas cheas de terra, pero o garda chegou en tempo de impedirlo. O garda cría que a rapaza necesitaba unhas boas hostias. No seu barrio dicían que non había mellor calmante que unha malleira a tempo, pero a presenza do gordo non lle deixaba saltar o protocolo do hospital. Así que o único que fixo foi separar a paciente da súa vítima, que choraba e tocaba a cara completamente consternada, mentres as outras enfermeiras que fumaban na porta e acababan de entrar foron correndo a axudala.

Jennifer fixéralle sangue cunha das súas rabuñadas de fera. As compañeiras afastaron a Ana para facerlle unha cura rápida. Non o dicían, pero as súas caras de terror non estaban xustificadas polo golpe. Todas temían que Jennifer fose seropositiva, temían que o virus tivese entrado na enfermeira pola rabuñada.

–Eu so quero a miña medicación! –os berros eran interrompidos polo esforzo co que intentaba soltarse do

garda, que era de alí cerca, do barrio das flores. Suso Peteiro, chamábase aquel rapaz que xa perdera moito pelo no curuto dunha cabeza remisa ao pensamento elaborado. A el gustábanlle as cousas claras, prefería as solucións directas. Non era home de grises se non de brancos e negros, e non lle gustaban os negros.

Suso era o último fillo dunha familia chegada ao barrio das flores nunha segunda vaga, cando os seus primeiros inquilinos empezaran a vender as casas, fartos daquelas ventás estreitas e corridas, daquela construción feble e mal acabada onde non lles cabían os mobles dos seus pais. Os primeiros inquilinos marcharon fartos daquelas rúas cheas de rapaces que non sabían a quen querían imitar e os pais de Suso chegaran para traer ao mundo máis rapaces desorientados. Todos vivían en edificios deseñados por arquitectos que crían no movemento moderno, edificios ordenados como os peixes da lonxa, como os enfermos do hospital, como os cadaleitos nos nichos do cemiterio. A orde era fundamental para darlle sentido a unha vida absurda, un puro caos en movemento aleatorio, cheo de vermes que coleccionan manías, que fan listas, que crean liñaxes nas que os fillos non recordan os nomes dos bisavós, de animais que menten a todas horas.

Suso trataba de poñerlle as esposas cunha paciencia chea de resentimento. O odio gardábao para cousas máis importantes. Cando pechou o ferro deixando a Jennifer enganchada a estrutura metálica da fila de cadeiras encheu o peito para recuperar o alento. A rapaza seguía berrando como un disco raiado. O gordo insinuaba abertamente que o seu comportamento era propio dun afeminado. Decía que só era home para reducir a aquela pobre enferma. Das súas palabras

parecía desprenderse unha ameaza de entrar en acción, pero o gordo non pasaba das palabras aos feitos. Era demasiado vago. Conformábase con ameazar, porque cría estar na obriga, pero poñerse en pé e comezar unha pelexa era outra cousa. A fin de contas o garda limitárase a poñerlle as esposas sen deixar ir un remo. Nin unha mísera labazada lle dera á rapaza, e iso que ben as merecía. O gordo apreciou ese detalle de profesionalidade, porque así non tiña que poñerse en pé. Bastaba con soltar a súa ladaíña de insultos.

Suso secou a suor da fronte. El tamén estaba algo gordo de máis. Seguro que chimpaba bolos a oito entre as comidas, e cando lle chegaba o momento de comer de verdade, enchía o bandullo como un can que non sabe cando volverá a comer. Estou tan seguro diso como de que era do barrio das flores e de que o chamaban Suso. Cada un dos seus poros levaba ese nome escrito. Estaba impreso nas cadeas de ácidos que formaban o seu ADN, no tecido adiposo que estrangulaba a súa fertilidade capilar no curuto, igualando a súa cabeza uniformada as cabezas dos frades, a fin de contas el tamén podía dar hostias, aínda que non tiña posibilidade ningunha de axudar na salvación das almas.

Pensei na miña alma inmortal. Sería realmente inmortal? Aquel lugar era unha especie de aeroporto, alí había moitas almas rodando pola pista a espera da autorización da torre para emprender o voo. Por que díaños tiña que ser un lugar tan desagradable? Por que tiña aquel aspecto de refuxio atómico abandonado? Por que había tanta cotra no chan?

Tiña ganas de ir ao baño, pero dábame noxo. Dábame noxo agarrar o pomo das portas. Intentaba manterme illado. Se puidese non respiraría. Imaxinaba exércitos de virus

arrastrándose polos meus pulmóns abaixo, acampando. Facendo fogueiras. Defecando xunto aos cabalos. Os hospitais son arrepiantes.

Pensei na xente que traballaba alí. Pensei en Ana, pensei en Suso, ou Xulio, ou Vilas, ou como fose que lle chamasen ao garda de seguridade. Tiña que ser duro pasar aquelas noites cheas de mortos de medo, cheas de xente que morría sen saber que ía morrer, que chegaba alí de súpeto, sen amañar as cousas, noites cheas de familiares desfeitos pola dolor e pola sorpresa. Alí xuntábanse persoas que levaban anos sen falarse, alí diante deles, diante de Ana e mais de Suso. E os empregados tiñan que seguir tirando para diante como se eles mesmos non estivesen tan irremediabilmente perdidos como os que chegaban respirando axitadamente, buscando con ollos crispados sen atreverse a preguntar polo seu fillo accidentado.

Ten que ser difícil en medio desa traxedia atender os borrachos e os drogadictos, ou mesmo a xente coma min, que vai alí sabendo que non ten nada importante.

O meu eran gases. Xa o sabía.

Xa me pasara outras veces. Ceara de máis, bebera un pouco demasiado. Sentía unha presión no peito, sobre todo en determinadas posturas, sobre todo se non pensaba noutra cousa.

Ten que ser difícil esquecer a tensión deses momentos. Eu son hipocondríaco, xa dixen que esa non era a primeira vez que ía a urxencias a horas intempestivas, e sempre que vou atopo xente alterada por un exceso de droga ou, como esa noite, pola súa falta. Os empregados teñen que afacerse. Supoño que terminan por considerarnos como bestas, respectan os bichos pero establecendo unha distancia,

como se traballasen nun zoo.

–Familiares de Amancio Corredoira Souto, acudan ao mostrador de información. Familiares de Amancio corredoira Souto. –alí estaba Amancio, o fillo de Manuel Corredoira, e quizais algún neto, ou pode ser que a filla de Adela Souto coas súas fillas Adela e máis Lourdes e os seus homes. Pensei que naquel aeroporto da eternidade era un dos poucos lugares onde aínda se recordaban as estirpes. Alí onde a xente chega e marcha cara ao infinito é onde aínda se recorda quen é quen, quen deu a vida, quen a terá que coidar. Os hospitais son arrepiantes. Un quirófano non é máis que un cuarto sen fiestras azulexado ata o teito, un cuarto de baño cheo de merda e de sangue.

Jennifer calara pouco a pouco. Caera nunha especie de letargo, como os nenos que choran e choran ata quedar durmidos pero sen dar o seu brazo a torcer, só que ela tiña o brazo esposado a unha cadeira. O gordo tamén calara. Suso foi ao cuarto das enfermeiras para interesarse polo estado de Ana. A sala de urxencias quedou en calma. Pasou un tempo en que chamaron a dous pacientes máis, pero á parte dos nomes que saían dos altofalantes so se escoitaba algún murmurio de cando en vez.

O silencio non me facía ben. Estaba mellor mirando como berraban os demais, non quería pensar en min. Ademais da dolor no peito non me encontraba ben de todo. Estaba seguro de que eran gases, pero quizais había algo máis. Que pasaría se esta vez non se trataba só dos gases?

Daquela escoitei o meu nome polo altofalante. Fun cara á porta pola que marchaban os pacientes e entrei ao cuartocho onde atendían a xente.

Pareceume que só había unha cama estreita e pequena

e unha rapaza nova que me preguntaba cousas. Repentinamente sentínme moi nervioso. Aquela rapaza era demasiado nova. Non podía ser doutora. Pensei que sería unha estudante. Non quería morrer nas mans dunha estudante inexperta. Pouco tempo despois estaba conectado a unha máquina que monitorizaba o meu corazón.

–Xa está máis tranquilo? –preguntou a rapaza vestida de verde.

Mireina cheo de desconfianza. Non levaba estetoscopio. Como pode un saber se está a falar cunha doutora, cunha enfermeira ou cunha ATS se todos visten igual? Por que non poñen nas paredes un gráfico explicando os cores dos uniformes e o seu significado?

–Teño moitos gases, dixeron.

A rapaza sorriu.

–Ás veces non podo respirar. Xa sei que non é grave, pero póño-me nervioso. Empezo a pensar e morro de medo a morrer, e iso sabendo que a miña alma é inmortal.

–Non se preocupe. O electrocardiograma está ben. Sufriu algunha caída ou algún esvarón?

–Si. Saín dunha cea bastante alterado e algo bébedo e esvarei na beirarrúa. Estiven a piques de esnafrarme. Como o sabes? –volveu sorrir ao ver a miña expresión confundida e baixou a vista para reler o informe–. Cantos anos tes? –dixeron máis sorprendido xa que preocupado.

–Sempre din que non aparento os anos que teño.

–A min paréceme que tes dezaioito.

–Xa llo dicía. Tome esta pastilla. –estendeu a man ofrecendo unha desas pastillas duras feitas dunha especie de po solidificado.

–Qué é? –preguntei despois de tomala.

–Ibuprofeno. É bo para reducir as inflamacións. Ás veces, cando se fai algún movemento brusco pode contracturarse un músculo próximo aos pulmóns. A contractura nótase coa respiración e a dolor pode chegar a confundirse cun infarto.

–Daquela non son gases?

–Os gases tamén poden axudar.

–Ceei moito.

–Hai que comer con moderación. –de novo o sorriso.
Xa me estaba enchendo tanto sorriso.

–Para que, para morrer delgado? Hoxe foi o cabodano da morte do meu pai. Era un home sanísimo. Non fumaba, non bebía, comía con moderación, pero morreu moi novo. En aparencia conservaba o corpo en perfecto estado, pero no seu interior a morte crecía desbocadamente. Cada dez anos xuntamos a familia para cear na súa memoria. Eu non soporto eses días. –a doutora xa non estaba cómoda. Aquel non era o seu terreo. Era demasiado nova.

–Queríao vostede moito?

–Eu non o coñecín, morreu cando tiña un ano, pero non soporto a familia e eles non me soportan a min.

A confusión estaba instalada na súa mirada. Non sabía que facer. Mirou o reloxo con disimulo. A conversa non presaxiaba nada agradable. Ás seis da mañá a xente pode dicir moitas inconveniencias. Eu quería vingarme da vergonza que pasara diante dela, apetecíame deixala sen palabras, dicirlle cousas que nunca dicimos, facela ruborizarse, falar da sangue e da merda que hai nos hospitais, pero estáballe agradecido. A rapaza tratárame ben. Decidín deixar alí a conversa sobre a saúde.

–Terei que quedar en observación?

–Non, pode marchar xa. –volveu sacar o sorriso do peto. A xente nunca aprende.

Saín por outra porta. Cando acaban contigo sempre che fan saír por outra porta. Así os que esperan na sala non saben que pasou co anterior. Non saben se quedou preso ou saíu libre. Non saben se viviu ou morreu.

A sala seguía tranquila. Fun xunto a Suso.

–Que pasou coa enfermeira? –Suso miroume con certa desconfianza. Non sabía se eu era branco ou negro–. Está ben?

–Marchou para a casa. –engadiu un xesto de resignación.

Eu quería facerlle unha pregunta, pero outro tumulto chamou a súa atención. De fóra chegou o son dunha sirena que veu morrer diante da entrada de urxencias, os pneumáticos berraron ao frear subitamente. As portas bateron e os ferros das andas golpearon na chapa da ambulancia. Dous enfermeiros corrían xunto ao ferido empurrando a angarella. Os médicos que esperaban na porta tomaron control do moribundo como se estivesen nunha carreira de relevos. Todos falaban a un tempo intercambiando información inútil. Suso achegouse para axudar a abrir camiño, pero o camiño estaba libre. Eu quedei mirando como a angarella avanzaba polo corredor camiño do quirófano. Cos médicos dando voces e poñendo cousas naquel corpo maltreito. Os ollos do rapaz que ía deitado nas andas parecéronme os dun peixe. Eran os mesmos ollos moles que se ven nos peixes na lonxa.

Suso cruzou algunhas palabras co condutor da ambulancia e volveu.

Aquela carreira representaba para min a esencia

daquel lugar. Unha verdadeira urxencia hospitalaria que partía en dous a rutina nocturna dos borrachos asustados e os vellos cansos. Un burato que furaba unha realidade aparentemente sólida, pero que era tan ilusoria como a propia existencia. Para Suso era unha noite máis, igual que para os outros. Todo formaba parte da mesma rutina, da mesma sangue e da mesma merda. Outro rapaz que rebentara o peito contra o canto da beirarrúa. Chegaban moitos como ese. A moto quedaba tirada no asfalto. Despois chegaban os pais, desfeitos. Suso dicía que era fácil recoñecelos pola súa expresión de incredulidade, pola súa fragilidade, dicía que tiña medo de rozalos por temor a que romperan en mil anacos, chegaban convertidos en autómatas de xeo, derreténdose de terror.

Aquela conversa non me facía ben. Sentíame un pouco mareado. Supoño que era o recordo daqueles ollos de peixe morto.

–Ben, eu vou ir indo. Dixéchesme que te chamabas Suso, verdade?

–Non, chámome Miguel, pero normalmente chámanme Cotas.

–Ata logo, Cotas.

Saín ao aire fresco da noite. Xa amencía e non chegaba ningún barco máis. Todos estaban no porto. As caixas repletas estaban aliñadas e o licitador corría sobre elas pisando nos cantos sen tocar o pescado morto. Respirei tranquilo pensando que aquel non era o día do meu despegue. Xa o sabía. Eu son inmortal.

Nese momento o trombo moveuse outra vez, avanzou pola arteria ata deterse nalgún lugar do meu cerebro. Sentín unha forte dor de cabeza e caín ao chan.

Quedei mirando ao ceo, que empezaba a clarexar, as estrelas perdíanse na luz púrpura. Nese momento pensei que morría. Se non fose inmortal o universo enteiro borraríase da miña consciencia, desaparecendo comigo. A fin de contas seguiría sendo inmortal no que a min respecta. Que máis me ten o universo se eu non o percibo? O mundo non existía ata que cheguei a el, e cando morra o universo enteiro marcharía comigo. Todo quedaría convertido nunha frase inconclusa, nun pensamento imperfecto.

Vin a un home que chegaba xunto a min. Era o condutor dunha das ambulancias. Eu tiña a cabeza dentro dun charco. Notaba como a auga entraba polo meu oído dereito, sentíame como un peixe. Alegreime de ser tan hipocondríaco. De non selo non había estar na mesma porta de urxencias cando me pasara o que me pasou.

O condutor falaba, pero eu non o escoitaba. Supoño que é normal cando tes unha orella chea de auga. Nese momento era medio peixe. Non sei que pasaría co outro oído. Pode ser que aquel fulano falase moi baixiño, seguro que pensaba que a sirena da ambulancia xa berraba de abondo por el.

O condutor ofreceume a man para que me levantase e eu intentei collela, pero as miñas aletas non respondían. Estaban tesas, pegadas aos meus costados, aliñadas como as miñas escamas de peixe morto.

O home berrou chamando a alguén do hospital e por fin escoitei a súa voz. Que susto levara. Xa estaba empezando a pensar que aquel ía ser o momento no que a torre me concedía o permiso de despegue. Pero non, xa volo dixen antes, eu son inmortal.

Abrín a boca, aínda con certa dificultade, para dicirlle

que non se preocupase, que estaba ben, pero non escoitei as miñas palabras. Foi como se a frase quedara cortada, como se non puidese dicirlle que estaba morto.